MEMORIA FUNCIONAL DA PROPOSTA DE RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

CONSELLERIA: MAR

1. INTRODUCIÓN

Código RPT:	PE-2026-006-M
Descripción:	Modificación RPT centros ensino
Obxecto da proposta:	Mellorar a organización e funcionalidade dos centros docentes da Consellería do Mar

2. MODIFICACIÓNS QUE SE PROPOÑEN

2.1 CREACIÓNS

2.1.1 POSTOS FUNCIONARIOS

Motivos dos Cambios: CAMBIOS NON ORGÁNICOS

Xustificación Textual:

CREACIÓN POSTOS INSTRUTOR/A DE PESCA na EONP Ferrol, EONP Ribeira e IPMP Vigo (3 postos)

O artigo 42, punto trece, da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 252, do 31 de decembro de 2025) modificou a Disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, creando unha escala no corpo de técnicos de carácter facultativo, grupo B, a escala de Instrutor/a de Pesca. De acordo coa citada disposición, a titulación requirida para o acceso á dita escala é a de Técnico/a superior en Transporte Marítimo e Pesca de Altura, ou equivalente, e o título profesional de Capitá ou Capitán de pesca, e as funcións que ten encomendadas son as de exercer a función docente nos módulos de pesca das ensinanzas regradas e non regradas das escolas e centros náutico-pesqueiros da Consellería do Mar.

Esta nova escala ven solucionar un problema que se viña dando nos últimos anos nos centros de ensino da Consellería do Mar, concretamente nas Escolas Oficiais Náutico Pesqueiras de Ferrol e de Ribeira e no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico, de Vigo, nos que se imparten os ciclos formativos de grao medio de Técnico en Navegación e Pesca de Litoral e o ciclo formativo de grao superior de Transporte Marítimo e Pesca de Altura. No currículo destes grados medio e superior impártense os seguintes módulos profesionais:

MP0805 Pesca de altura e gran altura

MP1029 Pesca de litoral

Nestes centros tamén se imparte formación non regrada, correspondente a titulacións profesionais do sector pesqueiro regulados no Real Decreto 36/2014 do 24 de xaneiro (Capitán de Pesca, Patrón Costeiro Polivalente, Patrón Local de Pesca e Mariñeiro Pescador).

O denominador común destes módulos así como da formación non regrada indicada, é que son materias específicas do sector da pesca, e que para impartilas precísanse profesionais con coñecementos demostrados en pesca. A máxima titulación na materia, na sección de ponte, é a de Capitán de Pesca. Para obter o título profesional requírese estar en posesión do título profesional de patrón de altura ou patrón de pesca de altura e superar o exame correspondente. Ademais tense que acreditar a realización de 600

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

días de embarque como capitán ou oficial de ponte en buques de pesca de eslora superior a 18 metros; 300 destes días deben realizarse tras a obtención do título de Patrón de Altura ou Patrón de Pesca de Altura. Polo tanto a titulación profesional de Capitán de Pesca, garante tanto a experiencia profesional a bordo de buques de pesca, como os coñecementos teóricos necesarios para impartir as materias propias da súa especialidade tanto nas titulacións regradas como nas non regradas.

Ata a actualidade, estas materias veñen sendo impartidas polas escalas de Profesores/as Numerarios/as (subgrupo A1) e de Mestres/as de Taller (subgrupo A2) de Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros, concretamente polas especialidades de Pesca Marítima e de Servizos ao Buque, respectivamente. Tendo en conta o exposto acerca da titulación necesaria para impartilas, os postos correspondentes a estas especialidades teñen na vixente RPT como requisito para o seu desempeño a titulación profesional de Capitán de Pesca.

Esta confluencia de exixencias ven dificultando gravemente a selección de profesionais das citadas escalas que cumpran todos os requisitos de desempeño, xa que para obter a citada titulación profesional (que é a de máximo nivel na rama de pesca) non é preciso ter unha titulación universitaria, polo que actualmente non resulta posible cubrir os postos xa que as persoas con titulación de Capitán de Pesca non teñen a titulación académica universitaria e as persoas con titulación universitaria non teñen a dita titulación profesional.

Esta dificultade veuse claramente evidenciada cos últimos procesos selectivos celebrados para seleccionar persoal funcionario de carreira das escalas de Profesores/as Numerarios/as e de Mestres/as de Taller de Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros correspondentes á OPE extraordinaria do ano 2022 e á OPE do ano 2024. Nos procesos de estabilización correspondentes á primeira foron ofertadas 1 praza da especialidade de Pesca Marítima, que non chegou a ser cuberta, e 2 da especialidade de Servizos ao Buque, das que só puido cubrirse unha. Nos procesos da OPE de 2024 foron ofertadas 2 prazas da especialidade de Pesca Marítima, estando actualmente só unha persoa en condicións de adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, e 1 praza da especialidade de Servizos ao Buque, pendente de resolución. Deste modo, nestes procesos ofertáronse un total de 6 prazas das especialidades indicadas, das que a día de hoxe pode afirmarse que quedarán sen cubrir un mínimo de 3.

Tendo en conta o anterior, na OPE 2025 e OPE 2026 non se ofertaron prazas das citadas especialidades en previsión de crear postos da nova escala de Instrutor/a de Pesca.

Por todo o ata aquí exposto, vista a preocupante situación docente actual na que se atopan os centros dependentes desta Consellería compre, de maneira urxente a creación de tres (3) prazas desta nova escala:

- Unha (1) na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

- Unha (1) na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira.

- Unha (1) no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

Todos estes postos créanse coa denominación de "Instrutor/a de Pesca", con nivel 24 (ao igual que os postos de Profesor/a Numerario/a e Mestre/a de Taller), forma de provisión por concurso, do subgrupo C1 (en virtude da Disposición derradeira quinta da Lei 2/2015, que establece que en tanto non se produza o desenvolvemento regulamentario do grupo B, esta escala estará integrada no subgrupo C1), reservados á escala de Instrutor/a de Pesca, de adscrición exclusiva a persoal funcionario da Xunta de Galicia, e con horario especial, ao igual que o resto de postos docentes. Así mesmo, para o desempeño destes postos debe requirirse unha certificación negativa do "Registro Central de delincuentes sexuales" para dar cumprimento ao artigo 57 da Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia.

CREACIÓN POSTOS PROFESOR/A ESPEC. INGLÉS MARÍTIMO na EONP Ribeira e IGAFA Illa de Arousa (2 postos)

A nova regulación da Formación Profesional establecida no Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional aprobada por Lei Orgánica 3/2022, do 31

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional, regula no seu art. 96, dentro da estrutura dos ciclos formativos de grao medio e grao superior, a obrigatoriedade do módulo de inglés profesional.

Actualmente, para dar cumprimento ao anterior, tanto a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol (un posto) coma o Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo (dous postos) contan con prazas de Profesor/a Numerario/a da especialidade de Inglés Marítimo.

Porén, tanto a Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira coma o Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa carecen na súa relación de postos de traballo da figura de profesor/a numerario/a da dita especialidade para impartir o citado módulo, así como, para a imperiosa necesidade de adaptar os seus temarios a este idioma. Recordamos que en ambos centros de ensino se imparte tanto formación regrada coma non regrada:

- Na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira, impártense ensinanzas regradas do ciclo medio e superior de Máquinas e o ciclo medio de Ponte, así como formación non regrada tendente a adquisición das titulacións de patrón local de pesca, patrón costeiro polivalente e os cursos para a obtención de titulacións e certificacións profesionais do sector tales como mariñeiro pescador, mariñeiro de máquinas e mariñeiro de ponte.

- No IGAFA, Impártense os módulos de inglés profesional no ciclo medio en Operación Hiperbáricas, ciclo medio de Técnico en cultivos acuícolas e ciclo superior en Acuicultura.

A vista do exposto, tendo en conta as necesidades educativas que se acaban de describir e co obxectivo de garantir a calidade do ensino nos mencionados centros, consideramos de extrema necesidade a creación destas novas prazas de Profesor/a Numerario/a da Especialidade en Inglés Marítimo, na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira e no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAFA), incluíndo un posto desas características en cada un dos ditos centros, que sexan idénticos aos xa existentes na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol e no Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo.

C. Destino	Código posto	Denominación	Niv.	Grupo	F.Pro.	Corpo/Escala	Adm.	A.Fun.	Observacións
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL	PEC994030115350025	INSTRUTOR/A DE PESCA	24	C1	C	EBP	AXG		HORARIO ESPECIAL
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE RIBEIRA	PEC994030115720012	PROFESOR/A - ESPEC.INGLÉS MARÍTIMO	24	A1	C	ESM	AXG		HORARIO ESPECIAL
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE RIBEIRA	PEC994030115720023	INSTRUTOR/A DE PESCA	24	C1	C	EBP	AXG		HORARIO ESPECIAL
INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA ILLA DE AROUSA	PEC994030136235001	PROFESOR/A - ESPEC. INGLÉS MARÍTIMO	24	A1	C	ESM	AXG		HORARIO ESPECIAL
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560064	INSTRUTOR/A DE PESCA	24	C1	C	EBP	AXG		HORARIO ESPECIAL

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

CREACIÓN XEFATURA DE NEGOCIADO ADMINISTRATIVO no IGAFA Illa de Arousa

No que respecta á estrutura do persoal administrativo dos centros de ensino da Consellería do Mar, tanto na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol, coma Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira existe en cada unha delas, un posto de Xefatura de Negociado Administrativo con nivel 18, que son os de maior responsabilidade nas tarefas administrativas das secretarías dos centros; ademais, en cada un destes dous centros existen 2 postos de Auxiliar Administrativo de nivel 14.

No Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo, neste sentido, está a praza de Administrador/a de Centros de nivel 20, posto de nivel superior tendo en conta o maior volume de tramitación neste centro, que conta ademais cun Posto Base Subgrupo C1 e 3 postos de Auxiliar Administrativo, todos eles de nivel 14.

No IGAFA hai 2 Postos Base Subgrupo C1 e 1 posto de Auxiliar Administrativo, todos eles de nivel 14, pero non existe un posto que asuma as responsabilidades equivalentes ás das Xefaturas de Negociado das Escolas Oficiais Náutico Pesqueiras de Ferrol e de Ribeira e do Administrador de Centros do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo, polo que parece axeitado crear un posto de Xefatura de Negociado Administrativo de nivel 18, coas mesmas características dos xa existentes.

C. Destino	Código posto	Denominación	Niv.	Grupo	F.Pro.	Corpo/Escala	Adm.	A.Fun.	Observacións
INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA ILLA DE AROUSA	PEC994030136235026	XEFATURA NEGOCIADO ADMINISTRATIVO	18	A2/C1/C2	C	XERAL	AXG		

2.2 AMORTIZACIÓNS

2.2.1 POSTOS

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

AMORTIZACIÓN PEC994030136235027, POSTO BASE SUBGRUPO C1, IGAFA Illa de Arousa

O posto quedou vacante o 31/08/2026 por xubilación do seu titular e por analoxía coa estrutura organizativa dos outros centros de ensino da Consellería do Mar considérase que debería ser substituído por unha Xefatura de Negociado que asuma as responsabilidades propias deste tipo de posto, que exceden as dun Posto Base C1.

Polo tanto, considérase axeitado amortizar este posto para dotar a creación dunha Xefatura de Negociado Administrativo, de nivel 18, no Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa, que responda ás necesidades administrativas do dito centro e que se inclúe na presente proposta de modificación de RPT.

C. Destino	Código posto	Denominación
INSTITUTO GALEGO DE FORMACIÓN EN ACUICULTURA ILLA DE AROUSA	PEC994030136235027	POSTO BASE SUBGRUPO C1

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

AMORTIZACIÓN PEC994030115350012, PROFESOR/A ESPEC. PESCA MARÍTIMA, EONP Ferrol

O posto foi ofertado nos procesos de estabilización derivados da OPE extraordinaria do ano 2022, sen que puidese cubrirse por persoal funcionario de carreira, xa que a única persoa aspirante que superou o proceso e foi nomeada nel (DOG nº 225, do 20 de novembro de 2025), non chegou a tomar posesión do mesmo.

Polo tanto, considérase axeitado amortizar este posto para dotar a creación doutros que respondan ás necesidades docentes actuais dos centros e que se inclúen na presente proposta de modificación de RPT.

C. Destino	Código posto	Denominación
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE FERROL	PEC994030115350012	PROFESOR/A - ESPEC. PESCA MARÍTIMA

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

AMORTIZACIÓN PEC994030115720001, PROFESOR/A ESPEC. PESCA MARÍTIMA, EONP Ribeira

O posto foi computado para a OPE do ano 2024, na que se ofertaron 2 prazas de Profesor/a Numerario/a desta especialidade. O correspondente proceso selectivo, convocado no ano 2025 (DOG nº 162, do 26 de agosto) está a piques de ser resolto e a última publicación relacionada con el é unha resolución do tribunal de selección pola que eleva á Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal a relación de aspirantes que superaron o proceso, na que unicamente hai unha persoa (DOG nº 189, do 5 de outubro de 2026), polo que un dos postos comprometidos no proceso non vai ser cuberto por persoal funcionario de carreira.

Polo tanto, considérase axeitado amortizar este posto para dotar a creación doutros que respondan ás necesidades docentes actuais dos centros e que se inclúen na presente proposta de modificación de RPT.

C. Destino	Código posto	Denominación
ESCOLA OFICIAL NÁUTICO-PESQUEIRA DE RIBEIRA	PEC994030115720001	PROFESOR/A - ESPEC. PESCA MARÍTIMA

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

AMORTIZACIÓN PEC994030136560018, PROFESOR/A ESPEC. MÁQUINAS E INSTALACIÓNS MARIÑAS, IPMP Vigo

O posto leva vacante dende hai moitos anos, de modo que xa non foi computado para a OPE extraordinaria do ano 2022 (da que derivaron os procesos de estabilización) nin para OPEs posteriores en previsión de utilizar a súa dotación para a creación doutros postos docentes dos centros de ensino.

Polo tanto, considérase axeitado amortizar este posto para dotar a creación doutros que respondan ás necesidades docentes actuais dos centros e que se inclúen na presente proposta de modificación de RPT.

C. Destino	Código posto	Denominación
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560018	PROFESOR/A - ESPEC. MÁQUINAS E INSTALAC. MARIÑAS

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

AMORTIZACIÓN PEC994030136560047, MESTRE/A TALLER ESPEC. SERV. AO BUQUE, IPMP Vigo

O posto foi ofertado nos procesos de estabilización derivados da OPE extraordinaria do ano 2022, sen que puidese cubrirse por persoal funcionario de carreira, xa que aínda que houbo dúas persoas aspirantes que superaron o proceso, a nomeada neste posto (DOG nº 207, do 27 de outubro de 2025), non chegou a tomar posesión do mesmo.

Polo tanto, considérase axeitado amortizar este posto para dotar a creación doutros que respondan ás necesidades docentes actuais dos centros e que se inclúen na presente proposta de modificación de RPT.

C. Destino	Código posto	Denominación
INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO-PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO	PEC994030136560047	MESTRE/A TALLER - ESPEC. SERVIZOS AO BUQUE

2.3 MODIFICACIÓNS

2.3.1 POSTOS

Motivo do Cambio: CAMBIO NON ORGÁNICO

Xustificación Textual:

MODIFICACIÓN DE CORPOS/ESCALAS POSTO PEC040000115770031, XEFATURA SERVIZO ENSINO E TITUL. NÁUTICO-PESQUEIRAS

Tal e como se establece no artigo 12.2.2 do Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar (DOG, núm. 58 do 26 de marzo de 2021), o Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras é unha unidade administrativa dependente da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Actualmente este servizo, con código de posto PE.C04.00.001.15770.031, inclúe na RPT da Consellería do Mar entre outros requisitos de acceso, o dos corpos/escalas, sendo os seguintes: EMP/ESM

EMP: Especial (Escala Axentes de Extensión Pesqueira)

ESM: Especial (Escala Profesores Numerarios Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros)

Neste sentido, e dentro deste mesmo servizo, a Sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro , con código de posto PE.C04.00.001.15770.033 inclúe entre os requisitos dos corpos/escalas de acceso á mesma os seguintes: EMM/EMP/ESC1/ESM

EMM: Especial (Escala Mestres de Taller de Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros)

EMP: Especial (Escala Axentes de Extensión Pesqueira)

ESC1: Especial (Escala Ciencias-Esp. Bioloxía)

ESM: Especial (Escala Profesores Numerarios Institutos Politécnicos Marítimo-Pesqueiros)

En moitas ocasións, tendo en conta as actuais esixencias de acceso ó posto, en particular no referente ós corpos/escalas, resulta moi complicado a cobertura do mesmo. Tendo en conta as características e particularidades do posto, e que a Sección de Programación do Ensino Náutico-Pesqueiro pertencente a este Servizo, está aberta a outros corpos/escalas, consideramos axeitado a súa modificación no referente ós corpos/escalas de acceso a esta praza.

Tendo en conta o exposto, propoñemos a seguinte modificación deste posto, en canto ó requisito dos corpos/escalas, que quedaría aberto ás seguintes: EMM/EMP/ESC1/ESM/ESC3*

* ESC3: Especial (Escala Ciencias-Esp. Ciencias do Mar)

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve

C. Destino	Código posto	Corpos/escalas orixinais	Corpos/escalas modificados
S. X. DE XESTIÓN, ENSINO E RELACIÓNS SECTORIAIS	PEC040000115770031	EMP,ESM	EMM,EMP,ESC1,ESC3,ESM

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A secretaria xeral técnica

Mª Luisa Boquete Pumar

Asinado por: BOQUETE PUMAR, MARIA LUISA
Cargo: Secretaria Xeral Técnica
Data e hora: 18/11/2026 12:09:03

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: 1pRYzbG0QUx1 https://sede.xunta.gal/cve